

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LIGA NACIONAL DE FÚTBOL PROFESIONAL Y LA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA CON MOTIVO DE LA EXPOSICIÓN “VALOR E MESTRÍA. GALICIA COMO FÚTBOL”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formalizou o 30 de xaneiro de 2019 con **LIGA NACIONAL DE FÚTBOL PROFESIONAL** o instrumento convencional arriba referido por unha duración prevista ata a data de finalización da actividade obxecto do presente Convenio, isto é, 1 de setembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O presente Convenio ten por obxecto regular os termos e condicións de colaboración de Liga Nacional de Fútbol Profesional coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia para o apoio á exposición “VALOR E MESTRÍA. GALICIA COMO FÚTBOL” que permanecerá aberta ao público entre o 15 de febreiro ao 1 de setembro de 2019, no Museo Centro Gaiás, así como en apoio ás actividades de dinamización que emanen do proxecto expositivo.

O presente acordo ten a natureza prevista no artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, e que, en ningún caso, debe considerarse que perseque os fins dos



contratos de patrocinio publicitario recollidos no artigo 22 da Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeneral de Publicidade.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia foi constituída como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución. Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura e Turismo que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

O obxecto de Fundación Cidade da Cultura segundo os seus estatutos, céntrase na creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural.

O desenvolvemento do obxecto fundacional poderá realizarse directamente pola fundación ou mediante a colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

A Fundación promove diversas exposicións e intervencións artísticas nos distintos edificios e espazos exteriores da Cidade da Cultura de Galicia. Dentro do seu programa de actividades inclúese a organización da exposición “VALOR E MESTRÍA. GALICIA COMO FÚTBOL” que se celebrará no Museo Centro Gaiás entre o 15 de febreiro ao 1 de setembro de 2019. Un proxecto que ten como liña argumental os fitos históricos do fútbol en Galicia, facendo un percorrido cronolóxico desde finais do século XIX ata a actualidade. Iniciándose cos primeiros éxitos do Vigo e o Fortuna na Copa de



España e concluindo cos triunfos recentes dos xogadores galegos. Unha mostra que recolle o peso deste fenómeno na comunidade galega facendo fincapé na súa profesionalización, o xurdimento do fútbol feminino, a historia de xogadores galegos no panorama nacional e internacional e, en definitiva, a súa repercusión social.

Pola súa parte, LaLiga é unha Fundación deportiva de dereito privado que está integrada exclusiva e obrigatoriamente por todas as sociedades anónimas deportivas e clubs que participan en competicións oficiais de fútbol de ámbito estatal e carácter profesional (Campionato Nacional de Liga de Primeira e Segunda División), e especificamente ten interese en colaborar na exposición “VALOR E MESTRÍA. GALICIA COMO FÚTBOL” nos termos e condicións que se establecen no presente Convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

